

## DOMINGO 04 PASCUA CICLO C

PRIMEIRA Feit 13, 14. 43-52

*Velaí volvémonos aos xentís*

### PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Pasando Paulo e mais Bernabé desde Perxe, seguiron a Antioquía de Pisidia. Un día de sábado entraron na sinagoga e sentáronse. Moitos xudeus e prosélitos practicantes seguiron a Paulo e Bernabé, que, falando con eles, os animaban a perseverar na graza de Deus.

Para o outro sábado xuntouse case toda a cidade para escoitar a palabra de Deus, pero os xudeus enchéronse de envexa, ao veren tanta xente, e opoñíanse cos insultos ao que Paulo dicía. Entón Paulo e Bernabé dixeron ousadamente:

- Tiñamos que anunciarvos a palabra de Deus primeiro a vós; pero, visto que a refugades e non vos considerades dignos da vida eterna, volvémonos cara aos pagáns; pois así nolo mandou o Señor: Púxente como luz das nacións, para lebares a salvación ata os confíns da terra.

Os pagáns, sentindo isto, enchíanse de alegría, louvando a mensaxe do Señor; e creron todos os que estaban destinados á vida eterna. Deste xeito a palabra de Deus espallábase por toda a bisbarra.

Pero os xudeus encirraron ás señoras de alta categoría que eran devotas e aos principais da cidade e promoveron unha persecución contra Paulo e Bernabé, expulsándoos do seu territorio.

Estes, sacudindo contra eles o po dos seus pés, marcharon para Iconio, mentres os discípulos ficaban cheos de alegría e do Espírito Santo.

SALMO RESP. Sal 99, 2. 3. 5

***R/ (3c): Nós somos o seu pobo e o seu rabaño***

Servide o Señor con alegría,  
achegádevos con cántigas a súa presenza.

Sabede que o Señor é Deus,  
que El nos fixo e que del somos,  
o seu pobo, o seu rabaño.

porque o Señor é bo.  
O seu amor dura por sempre;  
por xeracións a súa fidelidade.

SEGUNDA Ap 7, 9. 14b-17

*O Año será o seu pastor e levaraos ás fontes de auga*

### **PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA APOCALIPSE DE SAN XOÁN**

Eu, Xoán, mirei e vin un mundo de xente, que ninguén era capaz de contar, de todas as nacións, tribos, pobos e linguas, en pé diante do trono e do Año. Vestían roupa branca e levaban ramallos de palma nas mans.

E díxome un dos anciáns: "Estes son os que veñen de pasar as súas grandes penas; lavaron os seus vestidos e branquexáronos co sangue do Año.

Por iso están diante do trono de Deus, e adóranos día e noite no seu santuario.

E quen está sentado no trono chantará a súa tenda cabo deles.

Non terán máis fame nin sede, nin caerá endexamais sobre eles o sol, nin ningunha queimadura del.

Porque o Año, que está no medio do trono, será o seu pastor, levaraos ás fontes de auga e Deus enxugará dos seus ollos toda bágoa".

ALELUIA Xn 10, 14

Eu son o bo pastor, di o Señor; coñezo ás miñas ovellas e elas coñécenme a min

### **DOMINGO 04 PASCUA CICLO C**

EVANXEO Xn 10, 27-30

*Eu doulle a vida eterna ás miñas ovellas*

### **PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN**

Di Xesús:

As miñas ovellas escoitan a miña voz: eu coñezoas e elas séguenme; eu doulles vida eterna, e non se perderán para sempre: ninguén mas quitará da man. Meu Pai, que mas deu, é máis ca todos, e ninguén pode arrepañalas da man do Pai. Meu Pai e mais eu somos un.